

A inacción é aprobación

Neste díptico expuxemos as razóns do noso rexeitamento á lei de educación máis regresiva da democracia. Coñecedores e partícipes do grande esforzo mobilizador do profesorado galego nos últimos cursos, presentamos a seguir un conxunto de posibles accións co obxectivo de manifestar que esta lei non é a nosa nin a que necesitan o noso alumnado e o ensino público galego.

A día de hoxe non coñecemos a data do trámite parlamentario, e desde o STEG consideramos que é preciso manifestar o noso rexeitamento a esta lei. Para iso propoñemos na noite anterior a ese trámite, **data da que informaremos oportunamente, a seguinte acción:**

Un peche en todos os centros de Galiza

Como preparatoria desta acción é importante informar a toda a comunidade educativa. Neste sentido achegámosvos un conxunto de propostas con este obxectivo. Para a súa realización contades con material de apoio na nosa web (www.stegindicato.org). As propostas son as seguintes:

- **XORNADA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO:** todas as materias dedicarán unha unidade temporal a explicar as razóns da oposición á LOMCE. Sería interesante introducir a diminución de servizos no propio centro a causa dos recortes. [Modelo na nosa web](#). Pódese empregar a [presentación da nosa web](#).
- **XORNADA DE INFORMACIÓN A NAIS E PAIS:** convocar ás ANPAS a unha charla explicativa semellante á anterior proposta para o alumnado. Sería importante, igual que dixemos anteriormente, deterse nos datos que afectan aos vosos centros. Outra opción sería facer unha única xuntanza con todos os centros da comarca. [Presentación na nosa web](#).

é aprobación

- **INCLUIR NAS NOTAS FINAIS UN PRONUNCIAMENTO DO CLAUSTRO CONTRA ESTA LEI.** [Ver documento na nosa web](#).
- **PENDURAR DE TODOS OS CENTROS PANCARTAS CON LEMAS ALUSIVOS Á LOMCE.**
- **CAMPAÑA CONSELLOS ESCOLARES.** [Ver documento na nosa web](#)

Desde o STEG afirmamos a **necesidade de sumar esforzos** neste momento crítico. Asistimos, máis que a unha crise económica, a unha **destrución** sen parangón na historia recente **dos dereitos sociais da cidadanía** europea, incluídos os educativos. Está a triunfar o pensamento único da inevitabilidade dunha política económica incompatible cos **servizos públicos** e coa **distribución xusta da riqueza**. A enxurrada de agresións e o seu efecto negativo sobre o noso día a día provoca en moita xente un efecto desmobilizador, de perda de confianza na capacidade de resposta da cidadanía, de desafección cara ás organizacións políticas e sindicais. Nada máis interesante para facilitar esa política destrutiva que refuxiarnos nun discurso individualista, de resignación ou de desconfianza no noso propio poder organizativo e cívico. Agora máis que nunca debemos **construír redes de colaboración e alianzas** para mantermos os dereitos conquistados. Agora máis que nunca **organizacións como o STEG poden ser esa ferramenta** de defensa dos dereitos laborais e de acción cidadá que a situación, por grave, demanda. Investir na defensa da educación como dereito inalienable paga a pena.

Organízate e constrúe alternativas connosco.

outra volta de rosca á Escola Pública

maiores ratios
máis diñeiro á privada
menos axudas e bolsas
máis horas lectivas
traslados forzosos
consolidación dos recortes
dirección a dedo
menores soldos
menos competencias

unha volta ao pasado do sistema educativo
máis elitista
máis adoutrinador
recentralizador
máis segregador
menos igualitario

NON á CONTRARREFORMA WERT

PROPOÑEMOS MEDIDAS que potencien unha escola pública de calidade, equitativa, emancipadora, integradora, igualitaria e respectuosa coas diferenzas individuais, sociais e de sexo, laica e gratuita para todas e todos.



máis información sobre a lomce: www.stegindicato.org

1 É unha contrarreforma cargada dunha ideoloxía rancia que semellaba superada.

➤ Elimina materias que serven para analizar con espírito crítico a realidade complexa e plural da nosa sociedade (Ed. Para a Cidadanía, Ed. Ético-Cívica, Ciencias para o mundo contemporáneo...).

➤ Aumenta a presenza e relevancia académica dun credo particular, o católico, na escola.

➤ Resucita orientacións curriculares e instrumentos de avaliación propios da escola do pasado.

➤ Retrocede na igualdade efectiva entre mulleres e homes (véxase a propia linguaxe sexista do anteproxecto), facendo legal a existencia de concertos con centros que segregan por sexo.

2 É unha contrarreforma sen análise e debate previo.

➤ Non é froito dun debate en que se escoite a voz de toda a comunidade educativa.

➤ Non se formula como resultante do diálogo e do consenso, senón por imposición mecanicista.

➤ Non asenta en valores amplamente compartidos e en necesidades estritamente pedagóxicas e educativas, senón en intereses de determinados grupos de presión e en principios netamente partidistas.

3 É unha contrarreforma segregadora.

➤ Promove a segregación do alumnado e dos propios centros, ao non ter en conta, na perspectiva correctora da desigualdade, as condicións socioeconómicas de que parten e nas que se desenvolven. Introduce itinerarios en función do rendemento académico.

➤ Introduce enfoques non inclusivos, con itinerarios en función do rendemento académico.

➤ Persegue filtrar e seleccionar o alumnado canto antes, para diluír o fracaso escolar e fornecer man de obra barata ao mercado laboral.

➤ Obriga a elixir desde a temperá idade de 12 anos vías formativas que non teñen "retorno" posíbel.

4 É unha contrarreforma que infravalora o traballo do profesorado.

➤ O criterio de avaliación continua e a organización dos

estudos por ciclos desaparecen de raíz.

➤ O labor avaliativo decisivo queda en mans dos axentes externos que realizarán as "reválidas".

➤ As avaliacións só servirán para catalogar e clasificar o alumnado e os centros, non para detectar necesidades educativas a resolver polo propio sistema escolar.

5 É unha contrarreforma que dinamita os dereitos laborais do profesorado.

➤ O goberno que a impulsa di pretender a "mellora da calidade", mais degrada as condicións materiais de traballo docente, aumenta a carga lectiva e as *ratios*, reduce medios e programas de apoio, impón recortes en bolsas, comedores, libros de texto..., conxela ou reduce os salarios, despide masivamente profesorado interino, penaliza salarialmente as baixas laborais e deixa de cubrilas se son por un período inferior a 15 días, etc.

➤ O profesorado interino poderá ser despedido e contratado polas direccións sen respectar a posición nas listas.

➤ A FP Dual suporá a supresión de carga lectiva dos distintos ciclos formativos e, en consecuencia, a supresión de boa parte do profesorado

6 É unha contrarreforma que introduce a xestión empresarial nos centros.

➤ O director (sempre en singular e masculino) poderá seleccionar o profesorado do centro en función do proxecto específico que defina.

➤ A propia elección do director queda en mans da Administración.

➤ Restrinxe a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos centros, facendo dos Consellos Escolares órganos só consultivos na maior parte dos asuntos.

➤ Aposta por unhas escolas xestionadas con parámetros propios de empresa privada e non disimula o afán de supeditar todo o funcionamento do sistema a unha lóxica mercantilista.

➤ Fomenta a idea da "competitividade" como principio reitor do sistema educativo, en detrimento doutros como o beneficio social, a cooperación e a compensación das desigualdades

7 É unha contrarreforma que fomenta a desigualdade de oportunidades.

➤ Estabéllese un mecanismo de clasificación dos centros baseado nos resultados académicos do alumnado, sen ter en conta outros factores relevantes.

➤ Atribúense máis fondos ás escolas de mellores resultados nas reválidas, no canto de favorecer aquelas que teñen que atender alumnado con maiores dificultades e necesidades educativas e deben traballar en contextos socio-educativos menos favorables.

8 É unha contrarreforma que só favorece a ensinanza e empresa privada.

➤ Cede a xestión de centros públicos a entidades privadas.

➤ Os centros privados poden seleccionar máis ao seu alumnado pola definición do "carácter singular do centro".

➤ Aumenta o tempo de duración dos concertos educativos coa privada de 4 a 6 anos

➤ Esténdese os concertos a nova FP básica abrindo a porta con isto á concertación do ensino non obrigatorio.

9 É unha contrarreforma que cambia o currículo.

➤ Dos currículos redúcese, ata case elimínalo, todo saber que eduque ao alumnado no pensamento crítico e na autonomía persoal.

➤ Consagra a preminencia do castelán perante as outras linguas e impede sistemas de eficacia probada na adquisición de competencias plurilingües, como a inmersión.

➤ Afectará os cadros de persoal dos centros e ao profesorado, pois en Primaria aumentan as horas das materias instrumentais en detrimento doutras (Ed. Física e Música) e en Secundaria ven reducida a súa presenza Tecnoloxía, Filosofía, E. Musical e E. Plástica e desaparece a modalidade de Bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza.

10 É unha contrarreforma que busca a recentralización e a falsa autonomía de centros.

➤ Auméntase a porcentaxe de contidos que marca o Estado e diminúe polo tanto a porcentaxe de contidos que escollía a nosa administración educativa.

➤ A imposición das reválidas priva da autonomía pedagóxica ao profesorado ao estar o proceso de ensino-aprendizaxe supeditado a "superar" as mesmas.

Por todo isto, o **STEG oponse a esta contrarreforma** e promoverá a súa discusión e rexeitamento nas asembleas de traballadoras e traballadores. Así mesmo, anima á comunidade educativa a **mobilizarse por unha reforma que teña como obxectivo un sistema educativo verdadeiramente universal, público, emancipador, laico, igualitario e gratuíto.**